



ACTA Nº 2019/3
SESIÓN PLENARIA VENRES 5 DE ABRIL DE 2019

ACTA Nº 2019/3

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

VENRES 5 DE ABRIL DE 2019 -



ACTA Nº 2019/3

<p><u>Asistentes:</u></p> <p>PRESIDE: FERNANDO PEREZ FERNANDEZ</p> <p>ASISTEN: BNG JOSE ANTONIO COTOS SEOANE MARTA GARCIA SANCHEZ ALVARO XESUS GARCIA FREIRE PP OSCAR VAZQUEZ CORRAL JESUS GOMEZ GARCIA JOSE DAVID PINTOR PAZO JOSE EMILIO MAHIA NEIRA MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS</p> <p>AUSENCIAS:</p> <p>SECRETARIO: AFONSO BIEITO LORENZO PENELA</p>
--

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O VENRES 5 DE ABRIL DE 2019

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente explica o motivo da convocatoria indicando que en data 14 de marzo de 2019 se recibiu escrito neste concello asinado por tres concelleiros solicitando sesión plenaria, segundo o establecido na lei 7/1985. Transcorridos catro días de prazo non se convocou o pleno. Transcorrido ese prazo foi convocado polo secretario para este

día e hora coa orde do día proposta polos concelleiros.

Continúa o alcalde lendo un resumo dos artigos 94 e 95 do Real decreto 2568/1986 (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais) en relación ás intervencións nos plenos e ás chamadas á orde que poderá realizar o alcalde.

A continuación toma a palabra o portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane, quen indica que o alcalde non convocou o pleno no prazos dos catro días e que por iso o convocou o secretario, contestando o alcalde que, segundo o artigo 46 da lei 7/1985 (a que mencionan os propios concelleiros no seu escrito) non lle correspondía ao secretario, pois a convocatoria debería de tela realizado logo da non celebración da sesión aos quince días e non logo da non convocatoria aos catro días. É dicir tiña que telo convocado mañá e para dentro de dez días, segundo a normativa que din os propios solicitantes. Engade que hai outras dúas normas que afectan aos prazos de convocatoria e celebración do pleno (RD 2568/1986 e a Lei 5/1997, do 2 de xullo de Galiza, que son os que falan dos catro días para a convocatoria, diverxendo sobre o prazo de celebración, 1 ou 2 meses)

Contesta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire indicando que eles na solicitude mencionan a lei inicial, non falando do seu posterior desenvolvemento nin das sentenzas sobre o tema da convocatoria.



Contesta o alcalde indicando que o pleno foi convocado polo secretario e que, por suposto, non se opoñen, pero manifesta que se debía de ter actuado como se di na lei 78/1985.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

- 1.- Análise e discusión do contrato de saneamento de Fontecamba
- 2.- Análise e discusión das dietas do alcalde de datas 01-01-2018 ata 10-03-2019
- 3.- Análise e discusión do despido dunha traballadora municipal no ano 2019

1.- Análise e discusión do contrato de saneamento de Fontecamba (07' 35")

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire que indica que vai actuar como portavoz do grupo. Inicia a súa intervención indicando que van querer facer preguntas sobre este asunto e que segundo as contestacións volverán a intervir, informándoo o alcalde de que debe utilizar a súa quenda de palabra como di o Regulamento 2568/1986, do que se informou ao inicio da sesión. Iníciase unha discusión e o alcalde fai unha primeira chamada á orde ao concelleiro Álvaro García Freire, continuando durante un tempo a discusión.

Finalmente continúa a súa intervención Álvaro García Freire indicando que eles queren aclararse co que sucedeu. Que houbo un primeiro proceso de contratación, que non se rematou e despois fíxose un contrato menor, cheo de incongruencias. A maiores hai dous contratos menores coa empresa González y González, que non saben, e por iso o preguntan, se foron tamén para esta obra, pois nese caso, entendemos que habería fraccionamento do contrato. O alcalde di que siga falando, que el toma nota e xa lle contestará, o que provoca unha breve discusión.

Continúa o concelleiro Álvaro García Freire indicando que se tardou un ano en anular o proceso de contratación anterior, que era negociado con publicidade e que se iniciou no 24-05-2017.

Despois hai un contrato menor, preguntando se se pediron as tres ofertas. A continuación fala dos pregos deste contrato menor, nos que non consta o rexistro de entrada, e máis da acta de recepción e a factura que son anteriores ao acordo de adxudicación do contrato.

A continuación (12'00") toma a palabra o portavoz do Partido Popular, Fernando Pérez Fernández, quen indica que esta equipa de goberno no ano 2015 amañou a rúa



Monolito, posteriormente solicitamos o amaño da rúa Fontecamba, que vai dende a rúa Monolito (lindeira con Curtis) ata o cruce coa N-634 dirección Aserpal. Quixemos evitar que sucede o que no outro lado da rúa, cando a anterior equipa de goberno deixara ás vivendas dese lado sen saneamento. A obra da nova senda faina a deputación e que non estaban a meter o saneamento (nunca o fai a deputación), razón polo cal no Plan Medio Ambiental metémolo nós. Mentres a deputación fai a obra “presionamos” para que se metesen os tubos, os pozos de rexistro e algunhas das conexións ás vivendas. O que falta vai no PMA cambiando a obra de Saneamento en Fontecamba por Instalación de bombeo en Fontecamba. Ou sexa, estaba feita a parte da obra e faltaba a de subministro.

A día de hoxe aínda non recibimos a subvención, pois estase tramitando. Considera que se cumpriron os requisitos do Plan e entendemos que a recibiremos. O prazo de vixencia do Plan remata o 30-06-2019.

A continuación o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, dá a palabra ao grupo municipal do BNG.

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire quen indica que o portavoz do PP non contestou ás preguntas, respondendo o alcalde, respecto as facturas de González y González que unha adquisición de tuberías non teñen relación con esta obra, que foi para a obra da estrada que vai pola casa de Rafael, a primeira, e a segunda foron tubos que se mercaron para ter a disposición do concello para cando se necesiten e algunhas xa se utilizaron. Non teñen nada que ver co anteriormente exposto.

Engade que a lei lle permite contratar a González y González por contrato menor sen ter que pedir máis ofertas.

A continuación (16'30") retoma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire que indica que, en primeiro lugar, a deputación cando tramita unha subvención non entra en se houbo falsificacións, só que corresponda a legalidade. En segundo lugar, indica que hai cousas que non lle cadran, como que antes había un grupo de bombeo que costaba 3.000 e pico de euros e despois contratouse por 4.000 e moito e que no grupo eléctrico antes era 1.700 e pasou a 3.600.

O portavoz do PP contesta que houbo unha modificación do proxecto, pasou de ser “Saneamento en Fontecamba” a “Instalación de bombeo en Fontecamba”, continuando a seguir Álvaro García Freire indicando que a instalación eléctrica xa estaba no primeiro proxecto. Engade que ambos proxectos redactounos o mesmo técnico e suponse que ambos debían ter unha coherencia. Finalmente di que o alcalde non explicou por que tardaron un ano en anular o contrato inicial.

Continúa o mesmo concelleiro que non lle cadran as datas, pois o construtor presenta unha proposta o día 9 e o día 11 presenta xa a factura e se recepciona a obra. Pero, ademais o contrato asínase o día 20 e o mesmo día 20 apróbase o pago. Un mes despois, xa en maio, é cando se lle comunica á empresa a aceptación da oferta.



A continuación fala dos contratos González y González (as facturas das que se falou anteriormente) indicando que non figura o concepto. A maiores hai unha factura de Electric Curtis, por 2.500,00 euros. Considera que houbo fraccionamento de contrato e que houbo responsabilidade contábel e mesmo patrimonial da Xunta de goberno, pois considera que faltaron trámites esenciais. Finalmente denuncia que non se están publicando os contratos menores de máis de 5.000 euros na web.

Rematada a intervención do concelleiro do BNG, o alcalde pregunta se alguén ten algo máis que dicir, indicando Álvaro García Freire que agora non, que antes quere que o alcalde lle conteste e despois a pedira vez, indicándolle o alcalde que xa falou unha vez e a seguinte, que agora vai falar el, como portavoz do PP, e remataranse as quendas.

Fernando Pérez Fernández aclara que Electric Curtis si fixo unha parte do traballo, dotando de alimentación ao modulo de contadores e outros e tamén González y González que fixo a conexión ata as bombas e outros. Con respecto ás datas de que falou o portavoz da oposición, si que se hai algo que consideran que é ilegal que actúen en consecuencia. Finalmente indica que consideran que o que fixeron se axusta a dereito, sen ningún informe negativo.

A continuación dá por rematado o estudo deste punto. Álvaro García Pérez pide unha nova quenda de palabra e, con autorización do alcalde, pide que se lle aclare o das datas, indicando o alcalde que xa está contestado e, logo dunha breve discusión o alcalde di que se vai votar a proposta presentada polo grupo municipal do BNG que di:

“Que se proceda a enviar ao Consello de Contas o expediente completo do saneamento de Fontecamba para que un organismo independente informe sobre a legalidade ou ilegalidade dos contratos realizados”

Sometido á votación (25'10") a proposta é rexeitada por 6 votos en contra (PP) e dous a favor (BNG).

Álvaro García Freire intenta intervir sen autorización da alcaldía, interrompendo a este, quen o advirte formalmente de que xa leva unha chamada ao orde.

2.- Análise e discusión das dietas do alcalde de datas 01-01-2018 ata 10-03-2019 (25' 55")

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane que indica que revisadas as dietas da alcaldía sempre se fala de “xestión pola alcaldía”, pregunta que é iso. Considera que as dietas teñen que estar documentadas e xustificadas e non o ven.

En canto ás comidas tampouco consta con quen se fan e por que motivo. Tamén comenta que a maioría se fan fóra do concello, cando aquí hai restaurantes, preguntando por que. Indica que hai días de ata 165 quilómetros de xestión polo concello.



Tamén indica que hai viaxes á Coruña e a Santiago de máis de 100 quilómetros, sen que se vexa a xustificación.

Finalmente pide ao alcalde que llo explique.

A continuación (28'00") toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, quen indica que a distancia deste concello Á Coruña ou a Santiago, ida e volta, é de máis de 100 Km. Con respecto ao de que hai "días" de 165 Km polo concello, indica que iso non é certo, que como moito pode haber algún erro de entre os 12 meses que presentou, por erro de feito, ao non poñer o destino da viaxe, nunca máis de un, en plural.

Con respecto á presentación das dietas, segue un modelo no que pon o día do traslado, non podendo haber, por suposto, coincidencias con festivos, vacacións, etc., que ten unha axenda onde anota onde e cando vai. Cando os quilómetros pasan de 40, é porque ten algunha xestión fóra do concello, se hai algún como ese que se di dos 165 Km ten que ser por erro.

Con respecto ás comidas di que el xanta todos os días fóra da casa, pero entran como dietas ao redor de 4 comidas ao mes. Que si xanta no concello e, ás veces, fóra do concello, onde Suso, ou en Curtis.

A continuación engade que dende que é alcalde todos os meses presenta a relación de gastos derivados das súas xestións como alcalde, dentro ou fóra do termo municipal. Nos de dentro poño "xestión concello" e os de fóra indico o lugar ao que fun. Tamén achego os tiquets de parking, autoestrada e comidas. Todos debidamente xustificadas e con cantidades semellantes, 200-250 euros. Sempre se presentou a documentación e aparece fiscalizado, como é lóxico, por secretaría intervención.

A continuación o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, dá a palabra ao grupo municipal do BNG.

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane que indica que, nas viaxes por dentro do concello, ten que especificarse o motivo polo que se viaxa e xustificar os quilómetros e que non abonda con dicir, xestión polo concello 164 Km, como fixo o alcalde o 25-05-2018. Nas comidas hai que aclarar o motivo da mesma e con quen e. A continuación pregunta que, se come todos os días fóra da casa, o concello faise cargo de todas esas comidas. Cre que o alcalde non respondeu ás preguntas que lle fixo. Nalgúns casos dise o motivo e noutros non

Contéstalle o alcalde que, como dixera, o dos 165 Km, é un día, por erro pois ese día fóra á Universidade da Coruña. Comenta polo miúdo ás dietas do 19-10-2018.

A continuación indica que non hai normativa en que se diga a forma en que hai que xustificar as dietas. En todos os casos son xestións realizadas a favor do concello. Co seu coche a 0,19 euros/Km, que é o que cobramos neste concello o alcalde e o resto do



persoal, que hai que pensar en subilo, non por el, senón polo persoal, mencionando ao persoal de axuda no fogar.

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane quen afirma que si que hai normativa, mencionando o artigo 13.5 da lei ROF e solicitando que se remitan ao Consello de contas para que un organismo independente informe sobre a legalidade ou ilegalidade das dietas dende o 2011.

A continuación o alcalde do concello indica que calquera organismo superior, como o Consello de Contas, que nos pida calquera expediente, ímolo mandar, pero non imos facer porque nolo mande a oposición.

Transcorridos (39' 50") procédese á votación rexeitándose a proposta de remitir ao consello de contas as dietas da alcaldía dende o ano 2011 ata a actualidade por seis votos en contra (PP) e tres a favor (BNG).

3.- Análise e discusión do despido dunha traballadora municipal no ano 2019 (40' 00")

A continuación o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta ao secretario do concello se debería abandona o salón de sesións por ser familiar directo da traballadora despedida (é o marido), contestando este que, na súa opinión, si, o que fai o concelleiro mencionado.

A continuación o alcalde do concello explica que non é a primeira vez que alguén ten que abandonar unha sesión plenaria por esta causa, pois xa lle sucedera e el mesmo e ao tenente de alcalde.

A continuación toma a palabra a concelleira do BNG Marta García Sánchez, quen solicita á alcaldía que lles explique as causas do despido.

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que lle parece que esta pregunta xa se lle fixo no último pleno, indicando Marta García Sánchez que non fora contestada o que orixina unha pequena discusión. A continuación o alcalde informa que esta traballadora levaba anos de baixa. A finais do anos 2018 déronlle a alta, pero cun informe da Mutua de que non era apta para o posto para o que estaba contratada, polo que non se lle podía dar outro posto. Esta situación corresponde cun suposto de despido obxectivo procedente por unha causa sobrevida.

A continuación a concelleira do BNG Marta García Sánchez, indica que a traballadora está contratada dende o ano 2008. Dende o 2014 empeza a ter problemas de saúde e pasa por quirófano. No ano 2018, en marzo, reincorpórase ao traballo e sofre unha caída nun domicilio, collendo nova baixa ata xullo e colle as vacacións. Solicita ao concello unha avaliación do risco no seu traballo, e os médicos da mutua decláranla non apta. O 31 de agosto o secretario do concello asina un informe no que deixa a criterio da



alcaldía solicitar asesoramento xurídico á deputación. O 26 de outubro o informe da deputación indica como primeira opción o inicio dun expediente de incapacidade.

O 21 de decembro, a traballadora denuncia ao concello porque leva dende agosto na súa casa, sen carga de traballo e cobrando. O 8 de xaneiro é despedida. Á vista da exposición pregunta se se fixo a avaliación do seu posto de traballo', por que se lle paga cinco meses, cando se podería ter despedido antes? Por que non se segue a recomendación da asesoría xurídica (da deputación)? Como non se fixo un informe que fixera fin ao expediente?

A continuación o alcalde do concello explica que o que está dicindo a concelleira do BNG xa o sabemos, non di ningunha novidade. Engade que a traballadora denuncia ao concello e tamén ao alcalde, por acoso laboral. Por tanto considera que este asunto está no xulgado, e será el quen determine se o despido está axustado ou non a dereito. Ata que se resolva non imos entrar no asunto. Remata dicindo que considera que actuamos conforme a dereito e agardaremos a sentenza, asesorámonos cuns avogados. Se ela pensa que a indemnización non é abonda pois fai ben en denunciar

A continuación a concelleira do BNG Marta García Sánchez, indica que lle parece que o alcalde se está a meter nunha cuestión política, que a tivo na casa cando se sabía que a podías ter despedido en agosto, o que parece malversación de fondos, interrompéndoa o alcalde para preguntarlle de que data é o informe da deputación e despois o avogado, contestando Marta que iso foi pedido por pedir, pois tampouco se lle fixo caso ao informe da deputación, e que o despido foi por razóns políticas, contestando o alcalde, en resume, que é evidente que non foi por razóns políticas.

Finalmente Marta García Sánchez indica que o BNG vai retirar a proposta de acordo pois, como ben dixo o alcalde, está en sede xudicial, dicindo o alcalde que non, que se vai votar.

O alcalde somete a votación a proposta incluída na orde do día mentres os dous membros do grupo municipal do BNG (Álvaro García Freire e Marta García Sánchez) inician o abandono da sesión. O resultado da votación é rexeitada por seis votos en contra e dúas abstencións.

A continuación hai unha breve discusión e transcorridos 51' 10" e sendo as 12:54 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, xoves 15 de abril de 2019

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández